

ALUMNADO DE BACHARELATO

COMO MATRICULARSE NA ABAU

PRAZO: Día 20 de maio de 2024 / Horario: De 09.00 ás 14.00 h

PROCEDEMENTO:

Se queres presentarte á ABAU, terás que presentar na secretaría do centro, no prazo indicado, o impreso de prematricula debidamente cuberto, onde escolles as materias das que te queres examinar. Este impreso deberás descargalo da páxina da CIUG (ciug.gal/gal/abau), onde figura como *Impreso matrícula Bacharelato*.

Ademais do *Impreso de prematricula*, hai que presentar o xustificante de ter pagadas as taxas para a expedición do título de Bacharelato.

PAGAMENTO:

Para realizar o pago hai 2 opcións:

OPCIÓN 1: Pago telemático con tarxeta

No momento de facer a prematricula no centro, recibirás no teu correo electrónico un *código de acceso* á aplicación NERTA (edu.xunta.gal/nerta). Unha vez accedas á aplicación, vas ver a opción para realizar o pago telemático; deste xeito, no terás que presentar ningún xustificante, xa que o pago queda actualizado de forma inmediata.

OPCIÓN 2: Pago presencial nunha entidade bancaria

Antes de presentar na secretaría do centro o impreso de prematricula, terás que cubrir o impreso de taxas (este impreso deberás descargalo da páxina da CIUG (ciug.gal/gal/abau), onde figura figura como *Impreso taxas* ou tamén poden usar os impresos de pago de taxas que se entregan co boletín de notas) e ir a unha entidade bancaria a realizar o pagamento. Despois, no momento de entregar na secretaría o impreso de prematricula, terás que entregar tamén o impreso de taxas debidamente selado pola entidade bancaria.

INFORMACIÓN sobre os prezos da matrícula:

O prezo da matrícula é de **63,67€** salvo nos seguintes casos:

1_Familia numerosa de categoría xeral: **31,84€** (Teredes que enviar ademais do xustificante bancario unha fotocopia cotexada do carné de Familia Numerosa). NOTA: Pasade pola secretaría do centro para o seu cotexo.

2_Familia numerosa de categoría especial: **Gratuíta** (Debedes enviar unha fotocopia cotexada do carné de Familia Numerosa) NOTA: Pasade pola secretaría do centro para o seu cotexo.

3_Persoas cunha discapacidade superior ou igual ao 33% e persoas vítimas de terrorismo: **Gratuíta** (Debedes enviar a resolución administrativa)

4_Persoas vítimas de terrorismo: **Gratuíta** (Debedes enviar a resolución administrativa)

5_Persoas vítimas de violencia de xénero: **Gratuíta** (Debedes xustificalo mediante calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo)

6_Persoa beneficiaria da prestación do ingreso mínimo vital: **Gratuíta** (resolución do Instituto Nacional da Seguridade Social prevista no artigo 28.3 da Lei 19/2021, do 20 de decembro.)

6_Persoal das universidades do SUG: **Gratuíta** (Debedes xustificalo cunha certificación de Servizo de Persoal e unha fotocopia cotexada do Libro de Familia) NOTA: Pasade pola secretaría do centro para o seu cotexo.

Mais información:

Na secretaria do centro,

No departamento de orientación

E nas páxinas webs:

<http://ciug.gal>

<http://www.edu.xunta.gal/nerta>